

Resumo do desenvolvemento do cine en Galiza

Antes da guerra civil (1936): coa chegada dos primeiros cinematógrafos a Galicia houbo pioneiros que realizaron filmacións, por exemplo, **Xosé Gil** (*Miss Ledyia*, 1916) ou **José Signo** (*La tragedia de Xirobio*, 1930). Neses anos ródanse tamén filmes españois ambientados en Galicia (*La casa de Troya*) e aparecen obras de directores estranxeiros (*Carmiña, flor de Galicia*) realizada polo italiano Rino Lupo (aínda que os interiores deste filme se realizaron en Portugal).

Desde a Guerra Civil a 1975: Destaca a produción de documentais da emigración e do exilio (rescatados algúns deles a finais do século XX). A figura máis destacada é **Carlos Velo** (1909 -1988). Antes da Guerra Civil, Velo fixo curtametraxes documentais. No período de guerra exíliase a México onde o consideran un director de cine mexicano. Nos 80, Carlos Velo recibiu multitude de homenaxes, é considerado un pioneiro. Algúns dos seus títulos son *Torero* (1956) e *Pedro Páramo* (1967).

Desde 1975 á actualidade: Nesta época é cando xorde o vídeo en Galicia e comezan a realizarse as primeiras experiencias. En 1984 nace o **Arquivo da Imaxe** (1984-1986), espazo que xera múltiples iniciativas e obras en vídeo. Previamente a esa etapa en vídeo as obras fanse en 35 mm e Super-8.

En 1984 nacen as **I Xornadas de Cine e Vídeo de Galicia do Carballiño** dirixidas por Miguel Anxo Fernández, un dos maiores divulgadores das creacións galegas. Nese labor será sucedido por Eduardo Galán Blanco, director do espazo *DeZine* da TVG, crítico e programador de cinema da TVG.

A maior efervescencia no campo do vídeo foi na Coruña nos anos 80. Algúns directores e filmes son: Guillermo Represa con **Valle de lágrimas** (1986); Ignacio Pardo produciu moitas pequenas obras de vídeo experimental; Xavier Villaverde con **Veneno puro** (1984); Manolo Abad e, coetáneo a eles, Antón Reixa, escritor, poeta e director de cine (*O lapis do carpinteiro*, 2003).

1989 será un ano clave no audiovisual galega coa **estrea de tres longametraxes:**

- **Sempre Xonxa** de Chano Piñeiro (autor de *Mamasunción* 1984; *Esperanza* (1986)
- **Urxa** de Carlos López Piñeiro e Alfredo G. Pinal
- **Continental** de Xavier Villaverde (autor de *Fisterra* (1999), *Trece Badaladas* (2002)

Neste período nacen: o **Centro Galego das Artes da Imaxe** (1991) dirixido por Pepe Coira, irmán do realizador Jorge Coira e a **Escola de Imaxe e Son da Coruña**, dirixida por Manuel González Álvarez.

O **25 de xullo de 1985** comezan as emisións da **canle galega, a Televisión de Galicia** (TVG). Este feito será decisivo para a expansión do sector audiovisual galego e para o auxe e expansión dunha industria de dobraxe con gran cantidade de actores, moitos deles agora actores das series de ficción galegas. **Luís Tosar** (Lugo, 1971), o actor galego máis recoñecido na actualidade, tamén pasou pola ficción en series da TVG, no seu caso na serie *Mareas vivas*.

No século XX entran con forza non só actores senón tamén novos realizadores centrados na curtametraxe: Juan del Río, Chema Montero, Juan Galiñanes, Gonzalo Caride ou o premiado Alejandro Marzoa.

Tamén a ficción televisiva adquire grande importancia, se ben non comporta unha liña de creación cara ao cine, son produtos para televisión e deles non xorden proxectos cinematográficos máis ambiciosos.

SELECCIÓN DE FILMES GALEGOS

Preme no título de cada película para obter información dela (ficha técnica e artística)

1.	<u>A LINGUA DAS BOLBORETAS</u> (1999) Baseada en varios relatos do libro de Manuel Rivas <i>Que me queres, amor?</i> Dir. José Luís Cuerda – Drama – Dur. 96 min
2.	<u>SEMPRE XONXA</u> (1989) Dir. Chano Piñeiro - Drama – Dur. 114 min
3.	<u>O LAPIS DO CARPINTEIRO</u> (2002) Baseada na novela homónima de Manuel Rivas Dir. Antón Reixa – Drama – Dur. 100 min
4.	<u>O BOSQUE ANIMADO</u> (2001) Animación Baseada na novela homónima de Wescleslao Fernández Flórez Dir. Ángel de la Cruz – Fantástica – Dur. 83 min
5.	<u>MAR ADENTRO</u> (2004) Dir. Alejandro Amenábar – Drama – Dur. 125 min
6.	<u>OS LUNS AO SOL</u> (2002) Dir. Fernando León de Aranoa – Drama – Dur. 113 min
7.	<u>O APÓSTOLO</u> (2012) Animación Dir. Fernando Cortizo – Comedia – Dur. 71 min
8.	<u>LENA</u> (2001) Dir. Gonzalo Tapia – Drama – Dur. 95 min
9.	<u>ENTRE BATEAS</u> (2001) Dir. Jorge Coira – Drama – Dur. 81 min
10.	<u>TRECE BADALADAS</u> (2002) Baseado na novela homónima de Suso de Toro Dir. Xavier Villaverde – Terror/Thriller – Dur. 106 min
11.	<u>ROMASANTA, A CAZA DA BESTA</u> (2003) Dir. Paco Plaza – Terror – Dur. 98 min
12.	<u>PRADOLONGO</u> (2007) Dir. Ignacio Vilar – Drama – Dur. 100 min

13.	<u>VILAMOR</u> (2012) Dir. Ignacio Vilar – Drama – Dur. 112 min
14.	<u>A ESMORGA</u> (2014) Baseada na novela homónima de Eduardo Blanco Amor Dir. Ignacio Vilar – Drama – Dur. 111 min
15.	<u>A MARIÑEIRA</u> (2008) Dir. Antón Dobao – Drama – Dur. 84 min
16.	<u>O CLUB DA CALCETA</u> (2008) Baseada na novela homónima de María Reimóndez Dir. Antón Dobao – Drama – Dur. 90 min
17.	<u>AMOR SERRANO</u> (1999) Curtametraxe Dir. Luís Liste – Comedia – Dur. 13 min
18.	<u>GALICIA EXPRÉS</u> (2000) Serie Dir. Antón Reixa e Beatriz del Monte – Drama – 80 episodios (30 min/episodio)
19.	<u>18 COMIDAS</u> (2010) Dir. Jorge Coira – Melodrama – Dur. 107 min